



Xuventude

Nº 64 - Setembro 2015

novas

Deportes con iniciativa

Santa Comba sae á rúa cun proxecto da mocidade para promover a actividade física



Chega unha nova edición do EMAX, en outubro



Con ganas de máis campos de traballo



Entrevista co grupo pontevedrés Australia, a punto de sacar un EP

XUNTA DE GALICIA



O sétimo EMAX celébrase en Galicia na segunda quincena de outubro

- É o maior escaparate do movemento asociativo xuvenil de Galicia e do norte de Portugal
- Agárdase a participación de máis de 600 mozos e mozas e unhas 80 asociacións e grupos informais

Galicia acollerá a sétima edición do Encontro e Mostra do Asociacionismo Xuvenil (EMAX). Será na segunda quincena de outubro, cun emprazamento e un programa de actividades que se darán a coñecer en breve a través da páxina web www.xuventude.net. EMAX é o maior escaparate das iniciativas que desenvolven as asociacións de mozos e mozas en Galicia e no norte de Portugal.

Os primeiros detalles da organización da EMAX, que se prolongará unha fin de semana completa, foron tratados recentemente nun encontro de traballo entre a directora xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia, Cecilia Vázquez, e o presidente da Federación Nacional de Asociacións Xovenís de Portugal (FNAJ), Julio Oliveira.

A intención do EMAX é a de facilitar que os integrantes dos tecidos asociativos galego e portugués poidan intercambiar experiencias e ideas. Pero non só iso. A dinámica do encontro quere propiciar tamén que o intercambio dea lugar a proxectos conxuntos e iniciativas transfronteiri-



Reunión entre os responsables de Galicia e Portugal para preparar EMAX

zas nas que os máis novos sexan os protagonistas.

A previsión é que participen nesta sétima edición máis de 600 mozos e mozas, tanto de Galicia como do norte de Portugal, representando

como mínimo a unhas oitenta entidades xuvenís e grupos informais.

Ademais das propostas que traerá cada un dos colectivos que participan no EMAX, vanse organizar foros temáticos, obradoiros e outras acti-

vidades con intencións lúdicas e sobre todo didácticas. O eixo sobre o que se moverán todas elas é implicar a mocidade no desenvolvemento das súas capacidades de emprendemento.

A directora xeral, Cecilia Vázquez, puxo o EMAX como exemplo da "gran e fluída relación que o departamento de Xuventude da Xunta ten tanto coa FNAJ como co Instituto Português do Deporte e da Xuventude". Dentro deste bo entendemento, nos últimos anos desenvolvéronse diversos proxectos de cooperación transfronteiriça.

Un dos proxectos máis destacados nos que colaboran as institucións dun e do outro lado da fronteira é Emprende. Xa leva en funcionamento catro anos e permitiu facer realidade programas de asesoramento e cooperación empresarial. Con eles, ofreceuse apoio para iniciativas xuvenís emprendedoras e un servizo individualizado de acompañamento nos primeiros pasos que van desde a idea ata a maduración e nacemento do proxecto empresarial.



Prácticas en países europeos para enriquecer o currículo

● O proxecto DIGAL complementa a formación de 56 mozos e mozas

Xa está en marcha o proxecto 'Dinamizando Galicia' (DIGAL), un programa de apoio á mobilidade e á aprendizaxe co que 56 mozos e mozas realizarán prácticas laborais en cinco países europeos durante os anos 2015 e 2016. Os participantes teñen entre 18 e 30 anos e proveñen de ciclos medios de formación profesional, cursos de formación ocupacional, ou accións formativas e programas de cualificación profesional. Estudan en sectores como o agrícola e o forestal, o hoteleiro, o turístico, os servizos básicos á comunidade, as tecnoloxías ou os labores administrativos.

Os destinos do primeiro grupo que saíu son Portugal, Italia, Irlanda, a República Checa e Francia. Foron seleccionados entre o alumnado dos últimos cursos das súas especialidades, pertencentes aos centros de educación e formación integrantes do consorcio do proxecto.

DIGAL conta cun 280.000 euros de orzamento para os anos 2015 e 2016. As bolsas serven para cubrir gastos de aloxamento, cursos de preparación cultural e lingüística, seguro de responsabilidade civil, e



Sesión formativa do primeiro grupo participante no proxecto DIGAL

unha axuda para os gastos da viaxe e para os gastos de manutención.

A directora xeral de Xuventude, Cecilia Vázquez, que acudiu a unha sesión formativa co primeiro grupo, explicou que o proxecto DIGAL busca apoiar a formación da mocidade galega mediante a mellora da súa empregabilidade. "O obxectivo é que poidan constatar unha práctica

formativa no estranxeiro como parte do currículo", asegura, á vez que lembra que este tipo de programas facilitan a mellora das competencias idiomáticas, o coñecemento doutros xeitos de organizar o traballo, observar sectores de actividade que se poderían implantar en Galicia ou contribuír a novas posibilidades de internacionalizar empresas galegas.

Máis de 400 participantes nas estadias en empresas

O programa de estadias en empresas 'Deseñando o teu futuro', da Consellería de Traballo e Benestar, conta con máis de 400 mozos e mozas participantes, de entre 14 e 18 anos. É unha iniciativa que procura aproximalos á realidade laboral en diferentes profesións e especialidades para axudarlles a descubrir ou orientar a súa vocación profesional.

Posto en marcha de forma piloto o ano pasado, o programa consolídase este ano 2015 cun orzamento de 65.000 euros. Os mozos e mozas que forman parte del reciben unha titorización e poden coñecer o día a día do traballo, os perfís profesionais que precisa ou as esixencias que ten. Todo nun prazo que varía entre un mínimo de cinco días e un máximo de quince.

Na súa visita a empresas colaboradoras deste programa, a conselleira de Traballo, Beatriz Mato, destacou a capacidade de desenvolvemento persoal que ofrecen este tipo de iniciativas de educación non formal.



Santa Comba súa coa Iniciativa Xove

- 'Deporte xove na rúa' promove practicar deporte por simple diversión

Deporte na rúa é simplemente por divertirse. Así de básico e á vez ambicioso foi o proxecto 'Deporte Xove na Rúa', que desenvolveu o grupo informal **'Deporte e Vida Activa'** en Santa Comba a finais de setembro, co apoio do programa Iniciativa Xove, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

A intención desta actividade foi que a mocidade, e en xeral persoas de todas as idades, se animasen a practicar deporte en espazos ao aire libre, sen necesidade de que fosen probas competitivas e moito menos de carácter federado.


As probas que organizaron corresponden coas modalidades de carreira urbana, baloncesto, fútbol, voleibol 3x3, xogos tradicionais e rutas en BTT. Contaron cun amplísimo seguimento, sobre todo de participantes pero por suposto tamén de público. Todas as actividades foron gratúitas e entregaron premios para os deportistas.

Á hora de organizar a programación, os cinco inte-

grantes do grupo informal pensaron tamén en facilitar a participación. Por iso, distribuíron as distintas disciplinas deportivas ao longo da fin de semana. O sábado, o 'Deporte Xove na Rúa' comezou co

xogo de fútbol 3x3, para seguir coa carreira pedestre, cunha variante de 5 quilómetros e outra de 10. Despois chegaron as sesións de zumba, os xogos tradicionais e a diversión con inchables.

Para o domingo deixaron a ruta-quedada de BTT, por espazos naturais do municipio, o voleibol 3x3, o baloncesto 3x3 e unha nova sesión de zumba. As propostas concentráronse nas prazas da



Fotos: Laura Garracedo



localidade, en consonancia coa idea xeral de facer visible e fomentar a práctica do deporte.

A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, achegouse ata Santa Comba para coñecer de primeira man o desenvolvemento do proxecto, felicitar os seus impulsores e colaborar na entrega de premios e medallas aos participantes nas diferentes probas que se realizaron.

A mocidade implícase para recuperar terreos produtivos

● ‘As galiñas da horta’ recupera parcelas abandonadas en Santiso



A dinamización do rural ten tamén cabida entre os proxectos do programa Iniciativa Xove. Unha boa mostra é o que promove o grupo ‘As galiñas da horta’ no municipio coruñés de Santiso, co propósito de recuperar terreos abandonados e facelos produtivos de novo.

Esta actuación está permitindo o acondicionamento de dúas parcelas de monte, situadas na parroquia de Serantes. A intención non é só a de volver a obter colleitas de terras das que xa case ninguén se acordaba. Hai un obxectivo máis de fondo, que é o de involucrar e concienciar a xente nova da zona na necesidade de manter vivo o rural e ser conscientes dos bens e da riqueza que poden xerar. Incluso con amplas perspectivas de negocio.

A repercusión desta Iniciativa Xove está sendo considerable, por riba das perspectivas iniciais do grupo. Son case 50 persoas as que están participando nas tarefas, o que fai que avancen sen problema. A maior parte é xente nova, menores de 30 anos, pero tamén se lles sumaron veciños e veciñas de maior idade. Ademais da boa planificación



Visita da directora xeral ás parcelas que se van poñer a producir de novo

dos traballos que fixera o grupo informal, as achegas de experiencia dos máis veteranos fan que os resultados vaian ser aínda mellores. Iso si, haberá que agardar aínda uns meses para velos, posto que labrar a terra require paciencia, esforzo e aplicar coñecementos ata

chegar a ver os resultados. E máis aínda cando se trata de terreos que xa levaban bastante tempo cubertos de maleza.

A directora xeral de Xuventude, Cecilia Vázquez, visitou as parcelas nas que se traballa acompañada polos promotores do proxecto.

Primeiro ano con certificado oficial para a Iniciativa Xove

En 2015, por primeira vez, os proxectos acometidos ao abeiro do programa Iniciativa Xove dan acceso a unha **certificación oficial** expedida pola Xunta. Con este documento, recoñécese as experiencias, competencias e habilidades adquiridas durante o desenvolvemento destas actividades.

A directora xeral de Xuventude, Cecilia Vázquez, explica que “Galicia é a primeira Comunidade Autónoma, e polo de agora a única”, que certifica estas competencias pola participación xuvenil en programas de educación non formal.

Iniciativa Xove apoia este ano 150 proxectos, cun orzamento de 500.000 euros. En total, participarán máis de 750 mozos e mozas na preparación de cada unha das actividades. Desde a posta en marcha do programa Iniciativa Xove en 2010, xa foron realizados 858 proxectos directamente por parte dunhas 4.300 persoas. “Sen trabas e sen intermediarios”, tal como destaca Cecilia Vázquez.



Os campos de traballo déixannos os dentes longos para o ano que vén

- Un repaso a algúns dos máis representativos que se desenvolveron na recente campaña de verán

Están entre as mellores experiencias coas que aproveitar o verán, pero todo chega á súa fin. Os campos de traballo que a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado desenvolveu na súa programación estival deixaron o listón moi alto para o vindeiro ano.

E quedan tamén moitas ganas de repetir, visto o elevadísimo nivel de inscrición nas 700 prazas dispoñibles, que eran un

19% máis que o ano anterior. Foron en total dezoito campos de traballo. Entre os máis demandados, por razóns obvias, está o das Illas Cíes, que ten ata catro quendas. Pero todos teñen o seu atractivo, que vai máis alá do lugar onde se celebren ou das actividades organizadas. A verdadeira marabilla dos campos de traballo é a ocasión de coñecer persoas novas e compartir uns días con elas.



Roteiro de orixe mineira en Ponteceso

O campo de traballo levado a cabo en Ponteceso, de carácter internacional e con vinte participantes, dedicouse ao acondicionamento e mellora dun roteiro de orixe mineira. Os mozos e mozas aprenderon diversas técnicas para tales tarefas, que lles serviron para ratificar a importancia do coidado da contorna natural e dos recursos culturais e sociais. Acudiron tamén a xornadas sobre artesanía, pesca e agricultura. E por suposto tiveron tempo para o Festival V de Valarés, que cadrou coas datas do campo de traballo.



Coidar e coñecer un soto tradicional en Riós

En Riós, o campo de traballo tamén tivo participación internacional, con catro nacionalidades distintas entre os vinte participantes. Dedicaron os días á cultura dos soutos tradicionais, con todo o que iso implica, desde tarefas de limpeza e control da vexetación ata as maneiras de lograr o seu aproveitamento integral. O programa ofreceulles tamén a oportunidade de coñecer a cultura da zona en obradoiros sobre tradicións, lendas, música e mitoloxía popular, obradoiros de elaboración de canastros e múltiples actividades de orientación máis lúdica.



Sinalización e melloras do Camiño ao seu paso por Quiroga

No campo de traballo internacional de Quiroga, unha quincena de mozos e mozas de Galicia, doutras partes de España, de Italia e da República Checa acometeron tarefas de reinterpretación e acondicionamento do Camiño de Santiago no tramo que lle corresponde ao municipio lucense.

Unha parte considerable do tempo consumírona nun obradoiro específico para a sinalización do Camiño. Os seus resultados serán de gran proveito para os peregrinos, aos que lles queda aínda máis claro o itinerario. Os traballos de conservación e de mellora do trazado completaron os doce días de duración do campo de traballo.

Como actividades complementarias, esta iniciativa contou con obradoiros de traballos con materiais como o barro ou o coiro ou clases de cestería, baseadas en técnicas tradicionais. E non faltaron tampouco saídas para coñecer as zonas máis próximas e facer algo de exercicio. Destacaron a xeira de sendeirismo na Lagoa Glaciar da Lucenza, a práctica de barranquismo no Courel e as visitas a Montefurado, ás Médulas ou a Monforte.



Arqueoloxía man a man entre os galegos da diáspora e os de aquí

O campo de traballo de Portomarín serviu para que vinte mozos e mozas galegos residentes fóra de Galicia e outros seis que viven habitualmente aquí compartisen uns días traballando na recuperación do castro de Portomarín, coa supervisión de expertos.

De forma parella, efectuaron visitas teatralizadas ao castro, co propósito de que os numerosos peregrinos que fan o Camiño de

Santiago pola zona coñecesen de forma entretida un elemento do patrimonio arqueolóxico tan destacado da provincia de Lugo.

A eses labores dedicaron as mañás, mentres que polas tardes visitaron lugares tan significativos de toda Galicia como as termas de Ourense, o casco vello de Santiago, a vila mariñeira de Combarro, a muralla romana de Lugo ou as paisaxes da Ribeira Sacra.

Primeiros pasos para recuperar o xacemento da Cruz do Castro

Na localidade pontevedresa de Cotoade, un campo de traballo combinou o coidado da natureza coa arqueoloxía, enfocando as tarefas a dar os primeiros pasos da recuperación e posta en valor do xacemento da Cruz do Castro.

Coa participación dunhas vinte persoas, de Galicia, distintos puntos de España e varios países estranxeiros, comezaron por realizar labores de limpeza forestal, ao cargo dun equipo de biólogos. Estes expertos coordinaron tamén a posterior elaboración dun documento analítico sobre a situación do xacemento. O texto poderá servir como base para a futura recuperación e posta en valor do xacemento.

Sempre co trasfondo do medio ambiente, o campo de traballo tivo como complemento unha serie de accións formativas, tales como charlas e obradoiros temáticos. Analizaron tamén as posibilidades do emprendemento nesta materia, con sesións sobre liderado e traballo en equipo. Sendeirismo, xeolocalización, veladas de animación, visitas culturais e a práctica de deporte completaron o programa deste campo de traballo.



“O cariño que amosa o público non se paga”

● Entrevista con Javier Lago, vocalista de ‘Australia’

- **Australia, esa especie de paraíso nas antípodas ao que se refería Santa, encarnado por Javier Bardem, en ‘Os luns ao sol’.** De aí toma o nome este grupo pontevedrés, creado en 2014 e integrado por Javier Lago (voz), Irene Pérez (piano), Nerea Piñeiro (guitarra) e David Troncoso (batería). Falamos con Lago sobre a banda. Como foi o proceso de creación?

- Eu levo compoñendo cancións bastante tempo. No seu momento, comecei con Irene para participar no certame ‘Ben veñas maio 2014’, no que participa alumnado dos institutos de Pontevedra. Tiña esa espiña de non ter participado e falei con ela, preparamos dúas cancións e a partir de aí foi todo. Despois ofrecéronnos un concerto no verán e xa quixemos falar con máis persoas para non quedar só en piano e voz.

- **Van case dous anos desde a creación do grupo. Que aspiracións tedes e que percorrido esperades?**

- Estamos a punto de sacar un EP con cinco cancións, que acabamos de gravar. Gustaríanos chegar á xente e tamén temos pensado distri-

buír entre produtores para chamar a atención, a ver se logramos facernos un oco.

- **Foi moi laboriosa a preparación do EP?**

- Non. A verdade é que non deixa de ser unha maqueta bastante sinxela. Levou o seu tempo, foron cinco días de gravación e despois a edición. O máis complicado foi gravar a batería, sobre todo, porque hai que facer moitas probas. Pero en xeral foi sinxelo, sen problema.

- **Hai oportunidades para facer este tipo de traballos? Ou coa actual tecnoloxía poden facerse na casa?**

- Nós fixémoslo nun estudo, máis que nada porque non contamos con grandes medios para gravar na casa. Iso é bastante costoso, por exemplo investir en microfonía. Eu grávome ás veces voz e piano, ou guitarra e voz, pero non temos os medios suficientes para gravar a batería, sobre todo, porque leva uns dezaseis micros. Esas cousas son as que a nivel amateur, como é o noso caso, non hai capacidade para amortizar. Para grupos consolidados é máis viable gravar na casa.

- **Gustovos máis a gravación**



Este grupo pontevedrés de pop foi creado en 2014 e lanza un EP

do disco ou sodes máis de actuacións en vivo, sexa na rúa ou nun concerto máis ‘formal’?

- Para min foi moi distinto. A min encántame tocar en directo, pero escoitar as cancións no seu conxunto, ben niveladas, é moi satisfactorio. Porque tampouco é que toquemos en grandes sitios. Entón, foi tamén unha maneira de experimentar un pouco coas cancións e escoitalas na súa totalidade. Ao mellor tamén se poden mellorar a partir de aí.

- **Practicamente todas as letras son propias. Por que temáticas vos inclinades? Compón un ou é unha tarefa colectiva?**

- Neste caso son eu o que compón e despois montámolas entre todos.

Aínda que agora estamos un pouco espesos, eu sigo mantendo a composición porque me gusta e non me imaxino vivir sen iso. En canto aos temas, nalgún concerto teño dito que, sexa pola idade ou polo que sexa, inspiran os cambios, medrar, o movemento, o deixar persoas atrás, coñecer xente nova...

- **Como valorades a reacción do público?**

- A verdade é que estamos moi contentos. Non é que teñamos visitas masivas ao [youtube](#), pero as persoas que nos ven si que amosan cariño, si que se molestan en virche dicir que lles parecemos bos ou que lles gustan as letras. É algo que se agradece e que non se paga.



NON O PERDAS

MARK OLSON. OURENSE.
31 DE OUTUBRO. TORGAL.



LOS GANDULES. VIGO.
16 DE OUTUBRO. BARROCCO.

NON O PERDAS

VIGO

2 de outubro
Cristian Varela, no Off Beat
Masterclub

2 de outubro
Sumrrá
O Contrabaixo

3 de outubro
Bala
A Iguana Club

4 de outubro
Franco de Vita
Auditorio Mar de Vigo

10 de outubro
Pink Pank Punk Festival
Airbag, **Aerolíneas Federales**, **Los Punsetes**, **Los Limones** e **Cómplices**
Auditorio Mar de Vigo

10 de outubro
Lady Lamb
A Iguana

16 de outubro
Villanueva e **Ari Magritte**
A Fábrica de Chocolate

16 de outubro
Los Gandules
Barrocco Music Bar

23 de outubro
Whole Lota Band (tributo a Led Zeppelin) e **Rocket King** (tributo a Guns N' Roses)
A Iguana

23 de outubro
Carvin Jones Band e **Jimmy Barnatán**
A Fábrica de Chocolate

6 de novembro
Helena Goch
A Casa de Arriba

6 de novembro
Wöyza
Iguana Club

7 de novembro
Escuchando Elefantes
A Casa de Arriba

27 de novembro
Rayden
Masterclub

12 de decembro
Somas Cure
A Fábrica de Chocolate

OURENSE

3 de outubro
Mujeres
Sala El Pueblo

11 de outubro
Lady Lamb
Café Torgal

15 de outubro
Steve Wynn
Café Torgal

16 de outubro
Virgil & The Accelerators
Café Cultural Auriense

30 de outubro
Black Bottle Riot
Café Cultural Auriense

30 de outubro
Denison Witmer
Café Pop Torgal

31 de outubro
Mark Olson
Café Pop Torgal

5 de novembro
Helena Goch
Café Pop Torgal

9 de novembro
Mac McCaughan
Café Pop Torgal

A CORUÑA

2 de outubro
Antilopez
Mardi Gras

10 de outubro
Nudozurdo
Mardi Gras

16 de outubro
Esquelas, **Atrabilis** e Umbrage
Le Club

17 de outubro
Nach
Playa Club

17 de outubro
Piwi Bizarre Tech, Tzesne e **Walk Back Pilgrim**
Le Club

23 de outubro
Barón Rojo
Playa Club

24 de outubro
Whole Lota Band (tributo a Led Zeppelin) e **Rocket King** (tributo a Guns N' Roses)
Mardi Gras

25 de outubro
Mujeres
Le Club

31 de outubro
Slayer, **Anthrax** e **Kvelertak**
Coliseum

31 de outubro
La Moda
Playa Club

2 de novembro
The Fleshtones
Mardi Gras

5 de novembro
Neuman
Sala Garufa

12 de novembro
L.A.
Le Club

28 de novembro
Scorpion Child e **Crobot**
A Casa Tomada

O CARBALLIÑO
30 de outubro
Mark Olson
Sala Sete Flores

SANTIAGO
2 de outubro
Mobb Deep, **DJ Kanzer** e **Lopes**
Sala Capitol

2 de outubro
Vetusta Morla, **Eladio y los Seres Queridos**, **Misterioso Viaje Holanda**, **Novedades Carminha** e **Eme DJ**

BARÓN ROJO. A CORUÑA.
23 DE OUTUBRO. PRAIA CLUB.



MUJERES. PONTEVEDRA.
24 DE OUTUBRO. SALA KARMA.

galicia

Fontes do Sar

3 de outubro
Naomi Shelton & The Gospel Queens, Juan Zelada Band e The Soul Jacket
Sala Capitol

8 de outubro
Achtung Babies Tributo U2
Sala Capitol

9 de outubro
The Quireboys
Sala Capitol

16 de outubro
Ben Poole
Sala Capitol

16 de outubro
Helena Goch
A Casa das Crechas

16 de outubro
Ben Poole
Sala Capitol

16 de outubro
Wöyza
Teatro Principal

21 de outubro
Ensiferum
Sala Capitol

23 de outubro
Escuchando Elefantes
Sala Sónar

24 de outubro
Natos & Waor
Sala Capitol

28 de outubro
The Cat Empire
Sala Capitol

29 de outubro
The Buttshakers
Sala Capitol

6 de novembro
Ufo
Sala Capitol

7 de novembro
Jack and Jack, Paula Rojo e Calum
Sala Capitol

12 de novembro
Dvicio
Sala Capitol

14 de novembro
Gamma Ray
Sala Capitol

FERROL
2 de outubro
The Soul Jacket
Sala Super 8

3 de outubro
Carrero Bianco, Quant, Weather Underground, Síndrome Winona, e Espejos y Diamantes
Sala Super 8

9 de outubro
Nudozurdo
Sala Super 8

16 de outubro
Bala, Klute e Os Novos
Sala Super 8

17 de outubro
Susana Seivane
Sala Super 8

23 de outubro
Mujeres
Sala Super 8

6 de novembro
Agoraphobia
Sala Super 8

7 de novembro
Neuman
Sala Super 8

13 de novembro
Escuchando elefantes
Sala Super 8

14 de novembro
Supersubmarina
Auditorio de Ferrol

14 de novembro
Horn of the Rhino e Black Smoke Dragon
Sala Super 8

NARÓN
3 de outubro
Ibiza Closing Festival
Sala Ink

PONTEVEDRA
9 de outubro
The Sonics e The Soul Jackets
Pazo da Cultura

16 de outubro
Escuchando Elefantes
Sala Karma

24 de outubro
Mujeres
Sala Karma

6 de novembro
Neuman
Sala Karma

13 de novembro
L.A.
Sala Karma

O BARCO DE VALDEORRAS
9 de outubro
Conchita
Sala Baranda

CULLEREDO
23 de outubro
Villanueva
Forum Célticum

XINZO DE LIMIA
10 de outubro
Daily Thompson e Test Hammer
Urban Place



Xuventude Novas - Nº 64 - Setembro 2015
© Xunta de Galicia. 2015. Xuventude Novas



Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución. CompartirIgual 3.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, faga clic [aquí](#).

REDACCIÓN E MAQUETACIÓN: Nós Comunicación
infoxove@noscomunicacion.com

EDITA: Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
San Lázaro, s/n - 15781 - Santiago

Para ver esta publicación, faga clic [aquí](#).

CONTACTA CON XUVENTUDE.NOVAS
infoxove@xunta.es

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
San Lázaro s/n - 15781
Santiago de Compostela

